

Departamento de Lingua Galega e Literatura
GUÍA DIDÁCTICA de 2º de bacharelato da materia: LINGUA GALEGA E
LITERATURA II
CURSO 2025-2026

Materiais didácticos:

Libro de texto: *Lingua e Literatura II*, ed. Xerais

Materiais de elaboración propia na aula virtual

Temas de sociolingüística

Temas de literatura

Escolmas literarias

Exercicios de ampliación e de reforzo

Vídeos

Presentacións

Etc.

Páxinas web recomendadas:

www.aprofa.blogspot.com.es

www.ogalego.eu/

www.bvg.udc.es

<https://academia.gal/diccionario>

Nas ensinanzas a distancia semipresencial a aprendizaxe enténdese coma un proceso activo no que, o/a alumno/a ten que, orientado/a e guiado/a pola profesor-titor a través de 1 titoría presencial de 45m. e 3 titorías de orientación, para acadar os contidos mínimos marcados. Isto implica aprender a organizaros tempos de estudo, e a comunicarte e expresarte a través da realización das actividades propostas na aula ou a través da aula virtual, que che van axudar a construír o teu propio coñecemento e valorar a través dos criterios de avaliación que se propoñen en cada unha das U.D, e en que medida vas conseguindo os obxectivos da materia. Diciamos que tiñamos 1 titoría (consultar os horarios) lectiva á que se ten obriga de asistir de forma regular para facilitar o proceso de ensinanza. As titorías de orientación:

MÉRCORES:

19:00-19:45

VENRES:

11:30 12:15

A materia de lingua e literatura galega está orientada tanto á aprendizaxe instrumental do idioma co fin de desenvolver un uso correcto da lingua, como á comprensión da realidade lingüística de Galiza, co fin de acadar unha actitude de aprecio, sensibilidade e aceptación social da mesma.

A aprendizaxe da lingua e a literatura será a suma dos seguintes elementos: dominio das destrezas instrumentais (escoitar, falar, ler e escribir) e dos coñecementos teóricos, do coñecemento da evolución e situación actual da lingua e o estudo da literatura galega nas súas diferentes etapas.

A materia de Lingua Galega e Literatura preséntase estruturada en cinco bloques:

O bloque 1: "As linguas e os seus falantes" céntrase na necesidade coñecer, explicar e valorar o plurilingüismo como unha situación habitual e enriquecedora para todos os individuos. Do mesmo xeito, incídese na identificación e superación dosprexuízos e na pertinencia de recoñecer e empregar termos sociolingüísticos precisos

O bloque 2: "Comunicación" ocúpase da comprensión e a produción escrita así mesmo tamén se ocupa e atende ao uso oral da lingua, e este é obxecto de observación e de análise para recoñecer as normas que rexen o intercambio comunicativo, para observar as estratexias que usan os/as falantes para se comunicar satisfactoriamente, así como as que empregan para comprender ou para producir mensaxes orais. O alumnado debe ser quen de entender textos de diferente complexidade e xénero, e extraer as ideas explícitas e implícitas no texto co fin de elaborar o seu propio pensamento crítico e creativo. Comprender un texto implica pór en marcha unha serie de estratexias de lectura que deben practicarse na aula e proxectarse a todas as esferas da vida e a calquera tipo de lectura: ler para obter información, para aprender a propia lingua e popracar. Igualmente, a produción escrita significará procurar para cada situación o tipo de texto, adecuando, planificando e redactando, atendendo a aspectos diversos, e revisando a escrita final.

O bloque 3, " Educación literaria" asume o obxectivo de facer lectores e lectoras competentes, con implicación nun proceso de formación de lectura que continúe ao longo de toda a vida. Ademais, achegararémonose á historia da literatura galega, así como ás súas obras e aos seus autores e as súas autoras máis salientables, e recoñeceremos a vinculación destes produtos literarios coa historia de Galiza.

O bloque 4, "Reflexións sobre a lingua" integra contidos relacionados co código e a súa organización, e responde á necesidade de reflexión sobre a propia lingua, coa finalidade de servir de base para o seu uso correcto, afastándose da pretensión de utilizar os coñecementos lingüísticos como fin en si mesmo.

1ª AVALIACIÓN (8 s)	
Sesión 1ª	Presentación da materia.
Sesión 2ª	Repaso morfoloxía I e II
Sesión 3ª	Relacións e unidades sintácticas.
Sesión 4ª	Variedades dialectais.
Sesión 5ª	Fonética e fonoloxía.
Sesión 6ª	Estereotipos e prexuizos lingüísticos
Sesión 7ª	Historia da normativización
Sesión 8ª	O galego en vías de normalización
17 ao 21 de novembro	Exame da 1ª avaliación

2ª AVALIACIÓN (8 s)	
Sesión 1ª	Tipoloxía textual
Sesión 3ª	O galego no 1º terzo do S XX
Sesión 4ª	Periodización do S. XX.
Sesión 5ª	A poesía do primeiro terzo do s. XX
Sesión 5ª	B3U1: As Vangardas
Sesión 6ª	B3U2: A prosa do primeiro terzo do S.XX.
Sesión 7ª	B3U3: O teatro do primeiro terzo do S.XX.
Sesión 8ª	Ampliación primeiro terzo do s. XX
Do 9 ao 13 de febreiro	Exame da 2ª avaliación

3ª AVALIACIÓN (8 s)	
Sesión 1ª	O galego de 1936 a 1978
Sesión 2ª	B3U4: A poesía de 1936-1976.
Sesión 3ª	B3U5: A prosa de 1936-1976.
Sesión 4ª	B3U6: O teatro de 1936-1976.
Sesión 5ª	A lingua a finais do S XX e comezos do S. XXI
Sesión 6ª	A literatura actual I
Sesión 7ª	A literatura actual II
Sesión 8ª	Repaso
Do 27 de abril ao 4 de maio	Exame da 3ª Avaliación

Do 1 ao 8 de xuño

Extraordinaria

Mínimos esixibles para a avaliación positiva

- Na programación didáctica de bacharelato figuran os obxectivos didácticos, contidos e criterios de avaliación. Hai que ter en conta que todos eles levan emparellados tamén aspectos procedementais e actitudinais, incluídos tamén os *contidos*. Ademais dos de tipo *conceptual* (teórico), hai outros contidos de carácter *procedemental* (fundamentalmente prácticos) e *actitudinal* (atención, participación, traballo diario na aula e actitudes cara ao galego), que son tamén avaliábles e cualificábles na medida tal como se indica en puntos anteriores da programación didáctica.
- Indicamos aquí cales son os contidos mínimos esixibles (conceptuais, que deben ser acompañados tamén do correspondente dominio das destrezas nos contidos procedementais e actitudinais) que os alumnos e alumnas deben dominar nos dos cursos de bacharelato para adquiriren unha avaliación e cualificación positiva, por seren os máis importantes da materia.
- No referente á *Lingua* son os referidos a:
 - xénero e número da categoría nominal (nomes, adxectivos).
 - colocación das formas dos pronomes persoais átonos.
 - o verbo (dominio das formas verbais e das conxugacións dos diferentes tipos de verbos, infinitivo conxugado, perífrases verbais).
 - dominio das formas e usos das outras clases de palabras (artigos, pronomes, adverbios, preposicións e conxuncións).
 - dominio do léxico galego, tanto o de uso máis frecuente como o de tipo abstracto.
 - dominio (máis procedemental que conceptual) dos mecanismos e recursos que permiten unha expresión oral e escrita fluída, clara, coherente e correcta, adecuada ao contexto e aos diferentes tipos de produción lingüística, sendo especialmente importante a comprensión de textos variados, especialmente expositivos e argumentativos, e a produción dos propios, ben estruturados.
- No relacionado con *Sociolingüística*:
 - Describe o contexto histórico e cultural do galego moderno (desde 1916 ata 1978), así como a súa situación sociolingüística.
 - Describe o contexto histórico e cultural do galego a finais do S XX e principios do S XXI, así como a súa situación sociolingüística.
 - Describe os estereotipos e prexuizos da lingua galega.
 - Desenvolve a historia do proceso de normativización.
 - Coñece e desenvolve o concepto de normalización lingüística
- Polo que se refire á *Literatura*:

A poesía do 1º terzo do S XX (Irmandades da Fala e vangardismo na Galiza).

A prosa na época da xerazón Nós e da xerazón do 25.

O teatro desde os inicios de século até o golpe de Estado.

Principais movementos literarios e principais figuras literarias na poesía, prosa e teatro até 1978 dentro e fóra do país.

O panorama literario na actualidade (correntes literarias, ...)

Libros de lectura recomendada:

1ª Avaliación

Antón Riveiro Coello, *As rulas de Bakunin*, Galaxia

2ª Avaliación

Eduardo Blanco Amor, *A esmorga*, Galaxia

3ª Avaliación

Rubén Ruibal, *Limpeza de sangue*, Xerais